

## COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE XANEIRO DE 2018

### Acórdase/apróbase por asentimento<sup>1</sup>:

- 1º. A acta da reunión ordinaria do día 2 de outubro de 2017.
- 2º. A Axenda Básica para o desenvolvemento de Programas de Calidade do Centro para o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018.
- 3º. O Informe de Resultados do PDI.
- 4º. O Informe de Resultados de Avaliación.
- 5º. O Informe de Resultados do Alumnado que pasará a denominarse “Informe de Resultados Académicos”.
- 6º. O Informe sobre QSP (Queixas, Suxestións e Parabéns).
- 7º. Validar as modificacións no Regulamento de Prácticas Externas do Mestrado universitario en avogacía.
- 8º. Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade a competencia para realizar as modificacións puntuais e as correccións dos erros que procedan no Informe de Resultados do PDI, no Informe de Resultados de Avaliación, no Informe de Resultados Académicos e no Informe sobre QSP.
- 9º. Reiterar, vía comunicación telemática, aos docentes da Facultade de Dereito a obriga de cumprimento das guías docentes, rogando ao profesorado con vinculación permanente que informe ao profesorado externo –asociados e invitados- da citada obriga. A tales efectos, lembrarase que, consonte o apartado 9 do Procedemento para o seguimento e control da docencia, corresponde á Comisión de Calidade avaliar as incidencias detectadas e, no seu caso, adoptar as decisións pertinentes para garantir o axeitado cumprimento das obrigas docentes.
- 10º. Validar a proposta de reforma das Instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito, incorporando, a modo de instrución terceira, a seguinte: “No plan conxunto ADE-DEREITO, os horarios do correspondente grupo específico coordinaranse cos horarios de ADE, procurando que non existan tempos de agarda entre clases para os/as estudantes.
- 11º. As propostas de intervención priorizadas no Centro e nas súas instalacións e a remisión do acordo á Vicerreitoría competente.

Ourense, 24 de xaneiro de 2018



Concepción Martínez Martínez  
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 24 de xaneiro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 25 de xaneiro de 2018.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaría da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.